



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Treboada e LAT 220KV de evacuación
Concellos:	Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo)
Promotor	Wind Grower, SL
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2019/078
Expte.:	03.I.557.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3184/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 21.09.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos titulados: *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Treboada y línea de evacuación, julio 2021 e Proyecto Sectorial de incidencia supramunicipal del Parque Eólico Treboada y línea eléctrica de evacuación (Versión 2), (Proxecto de interese autonómico. Abril 2021)*, nos concellos de Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río (Ourense).

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia. O 10.11.2021 reitérase a solicitude do devandito informe.

O 04.05.2022 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao requirimento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 25.03.2022. Facílase a ligazón para descargar o documento nomeado *"Información complementaria para proxecto de parque eólico Treboada"*.

ANTECEDENTES E FEITOS

- O 15.01.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección arqueolóxica para avaliación do impacto arqueolóxico do parque eólico Treboada e a súa liña de evacuación (Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives e S. Xoán de Río (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo)*, dirixida pola arqueóloga María José Bóveda Fernández da empresa Gabinte de Arqueoloxía, de acordo co proxecto de intervención presentado pola sociedade promotora ADANTIA, S.L. o 19.12.2019. Este proxecto de intervención recibe o código **CT 102A 2020/005-0**.
- O 15.02.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe sobre o documento *"Solicitud de informe ao abeiro do Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra"*. Neste informe indícase que as posicións proxectadas para as infraestruturas do parque (aeroxeradores e torre meteorolóxica) están fóra do ámbito protexido do BIC Ribeira Sacra, aínda que a súa construción pode xerar impacto visual desde os seus miradoiros e outros elementos senlleiros da paisaxe cultural, polo que é necesario que no trámite ambiental se analice esa visibilidade. Cítase o Miradoiro da Capela e o núcleo de Castro Caldelas e a súa fortaleza.
- O 01.07.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe, no trámite de consultas da avaliación ambiental ordinaria, sobre o *Documento inicial do proxecto PE Treboada, setembro 2019*. En dito informe indicábase o seguinte:
 - O Estudo de Impacto Ambiental deberá contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural de todo o ámbito afectado polo proxecto tanto do parque eólico (definido pola poligonal do proxecto) como da liña eléctrica de evacuación de enerxía e os accesos a empregar ata o parque desde as estradas xerais.
 - Buscar outra alternativa de trazado da liña eléctrica que non atravesase o río Navea polo contorno de protección da ponte Navea e a capela da Encarnación. Asemade, o EIA debía incluír unha análise específica de afección visual, especialmente a liña conformada polos aeroxeradores T-1, T-2, T-3, T-4 e T-5, ao BIC Ribeira Sacra. Cítase no informe os miradoiros da Capela, do Duque e da Pena do Castelo e o núcleo de Castro Caldelas e a

EIA & PS do PE Treboada e liña de evacuación

Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives e S. Xoán de Río (Ourense)
e Ribas de Sil (Lugo)





súa fortaleza. Tamén se solicita unha análise específica da afección visual sobre os conxuntos parroquiais de Vilardá, en Castro Caldelas e Medos e Castrelo, en San Xoán de Río que inclúa infografías nas que se visualicen os bens en relación co parque eólico.

Consideracións legais e técnicas

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* (DOG núm. 101, do 27.05.2022)

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto PE Treboada e a súa liña de evacuación, entre as ADE de Monte Cernego e Pena Petada. As instalacións do parque localízanse nos concellos de Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, A Proba de Trives e S. Xoán de Río na provincia de Ourense, entre as comarcas de Caldelas e Trives. A poligonal do parque abarca tamén parte do concello de Ribas de Sil (Lugo).
- No apartado 8. *Alternativas analizadas* sinálase que ademais da Alternativa 0, de non execución, analizáronse tres opcións (A, B e C) e que se elixiu a Alternativa A, que foi modificada puntualmente no que se refire as aliñacións T1-T5 e T6-T9. O obxectivo desta modificación foi minimizar a afección sobre diferentes elementos do patrimonio natural e cultural. Polo que se refire a aliñación T1-T5 evítase a afección aos contornos de protección dos elementos *Mamoiña de Chaos da Pola*, *Explotación mineira das Medas/Os Medos* e entorno da igrexa dos Medos; no que atinxe a aliñación T6-T9 intentase reducir o impacto sobre os numerosos afloramentos rochosos da zona e evitar a posibilidade de afección sobre o petróglifo de *Chaos do Sapo*, descuberto durante a prospección arqueolóxica. Segundo o subapartado 8.2.2.4 *Conclusión* esta modificación denomínase “trazado alternativo A” e será a opción tida en conta á hora de elaborar o EslA.
- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico de 50MW de potencia total, composto de 12 aeroxeradores, dispostos en 3 aliñacións. As máquinas a instalar son modelo VESTAS V150 de 4,2 MW (10 unidades) e de 4,0MW (2 unidades) de potencia nominal unitaria, 105 m de altura de buxa e 150 m de diámetro de rotor.
- Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aeroxeradores, gabias de cableado e rede de terras, zonas de provisión, arquetas, 2 torres meteorolóxicas, edificio do centro de control, subestación de transformación e liña de evacuación.
- No termo municipal de San Xoán de Río (Ourense) localizarase a subestación elevadora chamada Treboada, que será de tipo AIS en 220KV e GIS en 30KV. Esta subestación inxectarán na rede eléctrica non só a enerxía xerada polo Parque Eólico Treboada, senón tamén a enerxía procedente doutros parques eólicos con acceso outorgado por REE ao nó Trives; o continxente actual con acceso ao nó de Trives é de 9 parques eólicos.
- A enerxía xerada polo parque eólico evacuarase mediante liña eléctrica aérea de 220kV, 4,6km de lonxitude e 18 apoios. O trazado desta liña discorre desde a subestación do parque ata o punto de conexión coa subestación Trives da REE, atravesando os concellos de Pobra de Trives e San Xoán





de Río. Trátase dunha liña de categoría especial en simple circuíto trifásico sobre apoios metálicos de celosía con zapatas tetrabloque.

- O acceso ao parque será dende a estrada autonómica OU-536, a altura do Km 59. Dende este punto accederase ás distintas aliñacións. Para acceder a aliñación S (aeroxeradores T6, T7, T8 e T9) tómase un viario existente dende a OU-536 dirección Pedrazas durante 750m e faise un novo tramo de viario para chegar aos aeroxeradores. Para acceder ao resto de máquinas pátense do mesmo Km 59 da OU-536 e cóllese a estrada OU-705 dirección N, a 1,5km cóllese un primeiro desvío cara o W para acceder a aliñación Central (máquinas T10, T11 e T12) e a altura do Km 10 cóllese un segundo desvío, tamén cara o W, para acceder a aliñación N (aeroxeradores T1, T2, T3, T4 e T5).
- Estímase que para levar a cabo o parque eólico afectarase un total de 10.704m de viarios, dos que 3.925 m son viarios a acondicionar e 6.779 m son viarios novos. O ancho mínimo destas pistas non está claro nalgúns partes do documento fábase de 5m e noutras de 6m. As gabias para aloxar o sistema colector do parque terán unha lonxitude de 14.251m.
- En relación co **patrimonio cultural**, diferentes apartados da memoria do EslA (9 *Inventario ambiental*, punto 9.4.10 *Patrimonio cultural*; 10 *Identificación e avaliación de impactos*, punto 10.4.1.21 *Arqueoloxía e patrimonio cultural*, referido ao parque eólico, 10.4.1.21 *Arqueoloxía e patrimonio cultural*, referido á liña de evacuación; e 12 *Medidas protectoras e correctoras*, punto 12.2.14 *Patrimonio cultural*) remiten ao Anexo G *Estudio arqueolóxico*, onde se recollen os resultados da prospección arqueolóxica, a valoración dos impactos das obras sobre os bens do patrimonio cultural e se especifican as medidas correctoras a aplicar.
- O Anexo D *Estudo de impacto e integración paisaxística* (EIIP) estuda a visibilidade do parque eólico desde os lugares de especial interese paisaxístico e indica que os aeroxeradores da zona norte do parque eólico serán visibles desde parte do territorio do BIC Ribeira Sacra e desde o seu contorno de protección.

Asemade, inclúe infografías desde os núcleos rurais dentro da poligonal e lugares de especial interese paisaxístico entre os que se atopa o ben de interese cultural BIC Fortaleza de Castro Caldelas, vistas desde algúns conxuntos parroquiais e desde varios miradoiros.

- O **Anexo G Estudio arqueolóxico** achega o "*Estudo de impacto arqueolóxico da área de implantación do parque eólico Treboada e liña de evacuación*", asinado pola arqueóloga María José Bóveda Fernández da empresa Gabinete de arqueoloxía. De acordo con el leváronse a cabo as seguintes accións:
 - baleirado da información patrimonial que existe sobre a zona;
 - prospección de campo: extensiva dentro da poligonal e intensiva na banda de 200m a cada lado da infraestrutura do parque.
 - Identificación dos bens arqueolóxicos que poden verse afectados polas obras, valoración dos posibles impactos que estas poidan chegar a exercer sobre os bens, e proposta das medidas cautelares e correctoras.

Segundo este documento foron identificados dentro da poligonal do parque eólico un total de 79 elementos do patrimonio cultural (57 bens arqueolóxicos e 22 bens de carácter arquitectónico e etnográfico). A Ponte Navea valórase desde a perspectiva arqueolóxica. Destes elementos veríanse afectados:

Elemento	Axente de impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Mámoa de Chaos da Pola GA 32023005	Posible uso como acceso dun viario a 6m ao Sur (non proxectado)	Moderado	Prohibición do uso do viario+ balizamento do Sur do xacemento+ control da apertura do viario e a plataforma do aeroxerador T-05
Mámoa de As Mamas 3 GA 32070010	Uso de viario asfaltado como acceso ao parque, que secciona pola metade o túmulo	Moderado	Prohibición de obras de acondicionamento do viario+ prohibición de estacionamento de maquinaria+ balizamento polo Norte
Explotación Mineira de As Medas/ Os Medos	Gabia de cableado a 60m ao Sur	Moderado	Control arqueolóxico





GA 32070006			
Miliario de Ponte Navea AC 32063005	Sobrevoos da LAT a 70m ao Sur+ tránsito de maquinaria	Moderado	Prohibición de paso de maquinaria+ control arqueolóxico
Miliario de Ponte Navea 2 AC 32070007	Sobrevoos da LAT a 70m ao Sur+ tránsito de maquinaria	Moderado	Prohibición de paso de maquinaria+ control arqueolóxico
Vía romana XVIII GA 32063015	Sobrevoos da LAT a 70m ao Sur+ tránsito de maquinaria	Moderado	Prohibición de paso de maquinaria+ control arqueolóxico
Vía Nova/Vía XVIII GA 32070012	LAT sobre posible trazado de vía+ tránsito de maquinaria	Severo	Prohibición de paso de maquinaria+ control arqueolóxico
Ponte Navea GA 32070015	Sobrevoos da LAT a 70m ao Sur+ tránsito de maquinaria	Severo	Prohibición de paso de maquinaria+ control arqueolóxico
Capela da Encarnación ou da Orde de Malta	Sobrevoos da LAT a 70m ao Sur	Moderado	Prohibición de paso de maquinaria + control arqueolóxico

- Asemade das medidas correctoras específicas, no subapartado 9.1 establécense medidas de carácter xeral:
 - senalización nos planos de obra dos bens e os seus contornos de protección, que se atopen dentro da poligonal e sobre todo na área de afección do proxecto construtivo;
 - supervisión e aprobación por parte do equipo de arqueoloxía das remocións, amoreamentos e modificacións de viarios non previstas no proxecto;
 - restrición das obras ás áreas marcadas para tal fin;
 - prohibición dos movementos de maquinaria fora das zonas habilitadas para este fin.
 - o equipo encargado do control arqueolóxico contará cun deseño semanal do plan de obra, que lle permita realizar con antelación suficiente os traballos de revisión do replanteo e o control da limpeza da vexetación nas zonas de nova obra, especialmente no que se refire ao emprazamento dos aeroxeradores T-2, T-3, T-4 e T-10 así como na devasa da liña de evacuación.
- Como **documentación complementaria ao EIA**, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, achégase o documento titulado *"Información complementaria para proxecto de parque eólico Treboada"* (Abril 2022), no que se inclúe un estudo de impacto visual, con recreacións infográficas da afección dos parques Ventumelo e Treboada a varios bens patrimoniais, entre os que figuran os miradoiros da Capela, do Duque e da Pena do Castelo, na Ribeira Sacra, a fortaleza de Castro Caldelas, e as igrexas parroquiais de Vilardá (Castro Caldelas), e de Castrelo e de Medos (San Xoán de Río), tal como se solicitou no requirimento.

Asemade inclúe un estudo de alternativas da traza da liña eléctrica de evacuación para o cruce do río Navea, na que se analizan 3 alternativas (A,B,C) sendo elixida a alternativa A por ser a que produce menor afección ao patrimonio. Deseguido se detallan de xeito resumido as posibles trazas:

- Alternativa A. Elixida. Cruce en aéreo do río Navea, paralelo a outras liñas existentes, entre os apoios 15 e 16, que se sitúan fóra do contorno de protección da ponte romana. Segundo dos redactores a visión destes apoios será limitada debido á orografía, as cortas de arboredo autóctono serán mínimas e o tendido de cables será realizado desde os apoios, co que non se fará obra civil nin paso de maquinaria no entorno da calzada romana e da Ponte Navea.
- Alternativa B. A partir do apoio 12 prevese un tramo soterrado, que pasa baixo a calzada romana para continuar cun tramo aéreo de 6 apoios, que atravesa o río (fóra do contorno de protección da Ponte Navea) e finalizar cun tramo enterrado ata a SET Trives. Desbótase entre outros motivos pola afección á vía romana, aos miliarios de Cerdeira, situados a 88 m da traza, e á Fraga da Pena.
- Alternativa C. Prevese un tramo soterrado entre os apoios 15 e 16, cruzando o río en subterráneo mediante perforación dirixida nas proximidades do contorno de protección da Ponte Navea. Desbótase pola afección que producirían as obras de perforación e execución de arquetas nas proximidades da calzada romana, e a execución de pozos de ataque e circulación de maquinaria pesada, tanto dentro da área de protección da ponte, como nas inmediacións da

EIA & PS do PE Treboada e liña de evacuación

Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives e S. Xoán de Río (Ourense)
e Ribas de Sil (Lugo)



vía romana.

Proxecto Sectorial

O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Treboada e a súa liña de evacuación.

- Con respecto ao patrimonio cultural neste documento unicamente se recolle un listado dos elementos do patrimonio cultural localizados no ámbito de estudo, remitindo ao Anexo G *Estudio arqueológico* do EslA para ver en detalle os elementos afectados e as medidas preventivas/correctoras sinaladas.
- No apartado 4 do documento *Avaliación de impacto ambiental*, sinalase que ás afeccións ambientais e as medidas correctoras foron descritas no Estudo de impacto ambiental (EIA). Respecto da afección sobre o patrimonio cultural indicase que foi realizado un Estudo de impacto arqueolóxico, no que se avalían as afeccións sobre os bens patrimoniais na área do parque e formulan as medidas correctoras adecuadas, establecendo un control e seguimento arqueolóxico na fase das obras.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- A alternativa elixida no EslA e no PS (**Alternativa A**), supón una modificación da informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no informe do 01.07.2021, en relación ao *Documento inicial do proxecto PE Treboada, setembro 2019*.
- Unha terceira parte da poligonal do parque eólico atópase afectada polo ámbito de protección da Ribeira Sacra, maiormente da súa zona de amortecemento. A Ribeira Sacra foi declarada ben de interese cultural (BIC), coa categoría de paisaxe cultural, por decreto 166/2018, de 27 de decembro de 2018 (DOG núm. 248, do 31.12.2018). Na zona da aliñación de aerogeneradores T-1, T-2, T-3, T-4 e T-5, o límite da zona de amortecemento coincide coa linde da parroquia de Mazaira e aínda que, tanto os aerogeneradores como a torre meteorolóxica non se localizan nesa parroquia, algúns dos vieiros, gabias de cableado e unha zona de acopios invaden a zona de amortecemento.

O EIA e a documentación complementaria inclúen análises visuais desde os núcleos rurais, elementos do patrimonio cultural e lugares de especial interese paisaxístico como pode ser o BIC Ribeira Sacra, a contorna da ponte romana do río Navea, e varios conxuntos parroquiais e miradoiros.

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico, os visores do Instituto de Estudos do Territorio, e o planeamento municipal constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados no *Estudo de impacto arqueolóxico da área de implantación do parque eólico Treboada e liña de evacuación* que constitúe o Anexo G do EslA, na que se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- No subapartado 5.1 *Traballo de Gabinete* sinalase que se elaborou unha listaxe con puntos de interese prioritario, que presentaban unha alta probabilidade de albergar novos elementos de interese patrimonial e que debían ser comprobados en campo, así como outros recollidos no informe da Dirección Xeral Patrimonio Cultural, do 01.07.2021. O traballo de campo permitiu comprobar a inexistencia de bens culturais nestes puntos.
- Durante os traballos de prospección localizouse un novo elemento arqueolóxico, o *Petróglifo de Chaos do Sapo*. Na documentación remitida non se presenta a ficha individualizada que permita a súa incorporación no Inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a pesar de ser un novo xacemento arqueolóxico non se fai unha descrición pormenorizada do ben nin unha valoración do impacto e as posibles afeccións que pode sufrir pola implantación do parque, simplemente se sinala como elemento non impactado e se grafía no apartado gráfico Plano 12 do Anexo G do EslA.





- Entre as consideracións feitas no informe de 01.07.2021, solicitábase que a prospección arqueolóxica tratase de identificar a traza da Vía romana XVIII ao seu paso pola poligonal do parque, entre a **RE 32023003** e o **GA 32070012**, co obxecto de poder completar a traza catalogada actualmente e así poder analizar correctamente os impactos que a implantación do parque pode ter sobre este elemento patrimonial. Dita información non consta na documentación presentada.
- Segundo a descritiva de accesos que figura na documentación, para chegar a aliñación das máquinas T1-T5 empregárase unha pista asfaltada que parte, a altura do Km 10 da estrada OU-705. Segundo se reflicte no Anexo G do EslA este viario arrasou parcialmente a *Mámoa das Mamas 3 GA 32070010*. Con todo, o túmulo *"conserva a súa metade sur e ao outro lado da estrada vense restos que poden formar parte do tramo final do sector norte do xacemento; no perfil da estrada observase algunhas pedras que polo seu aspecto e disposición poderían formar parte dunha coiraza"*.
- A información gráfica presentada non sinala ningún tipo de obra de acondicionamento nesta parte do viario, pero tendo en conta que normalmente se requiren viarios de 5+4m de ancho para o paso da maquinaria parece claro que a pista pode sufrir obras de mellora non especificadas na documentación remitida.
- **A liña eléctrica de evacuación (LAAT)**, entre os seus apoios 15 e 16, cruza en aéreo o río Navea dentro do ámbito de protección da ponte romana e do conxunto de bens catalogados que conforman á súa contorna. Se ben o voo do cableado invade o contorno de protección da ponte Navea, da análise das alternativas pódese considerar que a elixida é a menos prexudicial no conxunto das afeccións ambientais. Desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, os apoios sitúanse a unha distancia prudencial, sen invadir o contorno, e a súa visibilidade desde a ponte estaría limitada pola orografía e o arboredo. Asemade, consta no documento ambiental (EIA) planimetría do plan de poda e conservación da vexetación actual, onde se pode ver que no contorno da ponte, manteríase á masa arbórea autóctona existente.
- Na análise da diversa cartografía e fotografías aéreas pódese apreciar a existencia de numerosos valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco que parcelan fincas. Segundo os planos que figuran nos documentos achegados, as obras de novos vieiros proxectados, afectarán a algúns destes valados, de xeito particular no contorno da igrexa de Medos (San Xoán de Río), na zona de amortecemento do BIC Ribeira Sacra (aliñación T-1 a T-5) e no novo viario de acceso aos aeroxeradores T-6 a T-9.
Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no *Censo do Patrimonio Cultural de Galicia* como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na *Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade* desde 2018.
- Por outra parte, non se concreta no documento o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, non se grafa parte do percorrido interior, nin se detallan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Cotexados os datos e a planimetría dos dous documentos (EslA e PS) compróbase que non existen diferencias nas características do proxecto no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas.

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, se informan de xeito **favorable** os documentos nomeados *"Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Treboada e liña de evacuación. Xullo 2021"*, coa súa documentación complementaria remitida o 04.05.2022 e *"Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque eólico Treboada e liña de evacuación- versión 02 (Proxecto de interese autonómico. Abril 2021)"*. Teranse en conta as medidas





correctoras establecidas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo G do EIA e debéndose, en todo caso, ter en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Con carácter previo ao inicio das obras:
 - prospección arqueolóxica, no sur da poligonal, que identifique e complete, na medida do posible, a traza da Vía XVIII entre a **RE 32023003** (Castro Caldelas) e o **GA 32070012** (S. Xoán de Río), tal e como se recollía no informa desta dirección xeral do 01.07.2021. Os resultados presentaranse de forma detallada e nunha planimetría axeitada.
 - avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Neste senso, aclararase se a pista que corta a *Mámoa das Mamas 3* **GA 32070010**, sufrirá obras de acondicionamento para o paso de transportes especiais.
- Achegarase ficha individualizada con descritiva pormenorizada do novo ben arqueolóxico *Petróglifo dos Chaos do Sapo* para a súa incorporación no Inventario de xacementos arqueolóxicos da DXPC. Se é o caso, analizaranse os posibles impactos e as medidas correctoras necesarias.
- A totalidade dos traballos de construción do parque eólico realizarase baixo control e seguimento arqueolóxico. A tal fin e previo ao inicio das obras, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Dito proxecto incorporará tódalas medidas correctoras propostas no Anexo G do EsIA e aquelas outras que deriven das consideracións técnicas deste informe. No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos, estableceranse as medidas correctoras oportunas e comunicarase inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Nas proximidades da área de protección da Ponte Navea e Capela da Encarnación ou da Orde de Malta, cumpríranse de xeito estrito as medidas correctoras de carácter xeral e específico formuladas no **Anexo G** e extremarase o control e seguimento arqueolóxico nas rozas, podas, remoción de terras, tendido do cableado e obras de construción da liña. O contorno de protección dos elementos e a calzada romana non deberán ser empregados para a realización de amoreamentos, manténdooos libres da circulación e estacionamento de calquera tipo de maquinaria.
- Respecto das infraestruturas emprazadas no área de amortecemento do BIC Ribeira Sacra, as obras de acondicionamento dos viarios cinguiranse ao estritamente necesario para o paso dos vehículos especiais, non ampliando os camiños existentes onde polas súas características non sexa preciso. Unha vez rematados os traballos para os que é necesario realizar as actuacións nos viarios de acceso aos aeroxeradores, zonas de amoreamentos, gabias, etc. procederase á reintegración paisaxística, revexetando as zonas afectadas.
- No replanteo das zonas afectadas polas obras, onde se detecte a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco, estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais que poidan verse afectados polas mesmas. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.



- Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental, procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.
- En relación co Proxecto Sectorial:
 - O proxecto sectorial deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes de ordenación urbanística. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios (Anexo G do ESI).
 - Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
 - Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
 - Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio cultural. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas normativizadas con información actualizada dos novos bens ou daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura territorial de Ourense da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

